



Literatura medieval (II)

Cantiga de amor, cantiga de escarnio e maldicir,
cantigas de Santa María e prosa medieval.

1º BACH.
Curso 2020-2021

Actividade inicial

Cuestionario. Marca a resposta correcta en cada apartado e valora o que lembrás sobre a cultura e a literatura medievais.



A cantiga de amor

Índice

1. Introducción: Que son as cantigas de amor?
2. Orixe: A lírica provenzal e o amor cortés
3. O amor cortés
4. Tema: O amor non correspondido
5. Os personaxes das cantigas de amor



Lembra

Na lírica medieval galego-portuguesa distinguimos os seguintes xéneros maiores:



CANTIGAS PROFANAS			CANTIGAS RELIXIOSAS
Cantigas de amigo	Cantigas de amor	Cantigas de escarnio e maldicir	<i>Cantigas de Santa María</i> - Afonso X
Unha doncela expresa o seu amor polo amado (chamado <i>AMIGO</i>)	Un cabaleiro expresa o seu amor pola amada (chamada <i>SENHOR</i>).	Burlas e críticas contra diferentes clases sociais.	




1. Introducción

As cantigas de amor son composicións nas que un **cabaleiro** expresa o seu **amor** cara a unha muller á que chama “senhor”.



2. Orixe: a lírica provenzal e o amor cortés

As cantigas de amor galego-portuguesas teñen a súa orixe na cançó provenzal.



**Do mesmo xeito que hoxe en día se importan xéneros musicais doutros lugares (p.ex. O blues ou o trap proceden dos Estados Unidos), na Idade Media tamén se importaban xéneros literarios / musicais.*



2. A lírica provenzal e o amor cortés

- Poesía amorosa que naceu a finais do s. XI na Provenza (sur de Francia).
- **Idealización absoluta do amor.**
- Símbolo de distinción de clases sociais.



3. Tema: o amor non correspondido

- Nas cantigas de amor, o amor que manifesta o cabaleiro / trobador é sempre un **amor non correspondido**, un **amor infeliz**. Así, en moitas destas cantigas o trobador manifesta a súa **coita** (pena) por non poder conseguir o amor da *senhor*.




3. Tema: o amor non correspondido

- O amor é **platónico** (ideal) sen alusións eróticas/carnais. Destaca da dama a fermosura e calidades morais.
 - A dama (“senhor”) adoita estar **casada**.
- ↓
- **A prudencia e a sensatez** (mesura) claves para manter oculto o nome da dama.



3.1. Motivos que incorpora o amor cortés

1) Feudalismo



Na sociedade feudal, os vasalos serven
ao seu señor, débennlle obediencia,
dependen del...

No amor cortés das cantigas de amor, o cabaleiro
/ trobador serve á doncela: débelle obediencia
(submisión), considéraa perfecta,...



3.1. Motivos que incorpora o amor cortés

2) Cristianismo: dama = Virxe



3) Neo-platonismo: amor =
sentimiento purificador, camiño de
elevación moral



Actividade 1

Identifica o tema principal desta cantiga de Don Denis e explica cal é a actitude da dama ante o sentimento amoroso.

4. Caracterización formal das cantigas de amor

- Desde o punto de vista formal, existen os seguintes tipos de cantigas de amor: **cantigas de mestría** e **cantigas de refrán**.
 - **Cantigas de mestría**: seguen o modelo da cançó provenzal.
 - **Cantigas de refrán**: estrutura paralelística. Carácter autóctono (proximidade coas cantigas de amigo).
- As cantigas de amor adoitan estruturarse en **3 ou 4 cobras** de versos heptasílabos, octosílabos ou decasílabos.



5. Os personaxes das cantigas de amor

- **A *senhor*:** é a amada, que se describe dun xeito vago e impreciso.

Prototipo de beleza e perfección (*fremosa, bon semelhar, bon parecer...*). A *senhor* non corresponde o amado (relacións de vasalaxe).

- **O *namorado*:** suxeito lírico das cantigas de amor. Desempeña o papel de vasalo. Defínese como un home honesto e fiel.
- **Os *miscradores*:** son homes que compiten co *namorado* polo amor da dama. O suxeito lírico cualifícaos como mentireiros.



Actividade 2	Analiza no teu caderno as seguintes cantigas de amor de Pai Gomez Chariño e Don Dinís e realiza os seguintes exercicios: •Analiza os núcleos temáticos en cada unha delas. •Indica se son cantigas de refrán ou de mestría. •Repara na rima. •Sinala os mecanismos formais presentes nas dúas composicións.
Actividade 3	Busca na música actual algunha canción na que se traten motivos da cantiga de amor e elabora unha breve ficha técnica dela.



A cantiga de escarnio e maldicir



Preliminares COAC 17: “Esta chirigota, cae bien”



Andreu Buenafuente: “Pasión de exhumaciones”



Poetarras: “Feijóo”



Ezetaerre: “Non é verán de Estrella Damm”




Índice

1. Introducción: Que son as cantigas de escarnio e maldicir?
2. Caracterización
3. Orixe: o sirventés provenzal
4. Clasificación formal das cantigas de escarnio e maldicir
5. Clasificación temática das cantigas de escarnio e maldicir



1. Introducción

As cantigas de burlas son composicións satíricas que se caracterizan pola representación, en clave burlesca, dos acontecementos acaecidos na sociedade medieval.



2. Caracterización

- As **cantigas de burlas**, segundo versa na *Arte de Trovar*, poden ser de dous tipos:
 - **Cantigas de escarnio**: son aquelas nas que se emprega o dobre sentido. A sátira realízase de modo indirecto e encuberto.
 - **Cantigas de maldicir**: son aquelas nas que a crítica se realiza abertamente.





Mari' Mateu, ir-me quer'eu d'aquén¹,
porque non poss'um cono baratar²;
alguen que mi o daria nono tem,
e algua que o tem non mi o quer dar.

Mari' Mateu, Mari' Mateu,

Tan desejosa ch'es de cono com'eu!

1.- **D'aquén:** de aquí

2- **Baratar:** buscar

3- **avondar:** dar en
abundancia.

4. **mester:** necesidade

E foi Deus já de conos avondar³

Aqui outros, que o non na mester⁴,

E min e ti, pero que ch'es molher.

Mari' Mateu, Mari' Mateu,

tan desejosa ch'es de cono com'eu!

Exemplo de cantiga de maldicir

Nesta cantiga, o trovador búrlase abertamente da soldadeira¹ Mari' Mateu, que é criticada pola súa homosexualidade: *Mari' Mateu, tan desexosa é de cono coma eu*. Emprega unha linguaxe directa; non hai dobres sentidos, senón que é moi explícito.



¹ *Unha soldadeira era unha muller que bailaba mentres os trovadores e xograres cantaban.*

Autor: **Afonso Eanes do Cotón**

Mari' Mateu, ir-me quer'eu d'aquén,
porque non poss'um cono baratar;
alguen que mi o daria nono tem,
e algua que o tem non mi o quer dar.

*Mari' Mateu, Mari' Mateu,
Tan desexosa ch'es de cono com'eu!*

E foi Deus já de conos avondar
Aqui outros, que o non na mester,
E min e ti, pero que ch'es molher.

*Mari' Mateu, Mari' Mateu,
Tan desexosa ch'es de cono com'eu!*



1.- **Merger:** inclinar, baixar.

2- **Maer:** permanecer, xacer.

3- **Maeta:** fig. vaxina.

Maria Pérez, a nossa cruzada,
quando veu da terra d'Ultramar,
assi veu de perdom carregada
que se nom podia com el merger¹;
mais furtam-lho, cada u vai maer²,
e do perdom já nom lhi ficou nada.

E o perdom é cousa mui preçada
e que se devia muit'a guardar;
mais ela nom há maeta³ ferrada
em que o guarde, nen'a pod'haver,
ca, pois o cadead'en foi perder,
sempr'a maeta andou descadeada.

Exemplo de cantiga de escarnio

Autor: **Pero da Ponte**

Maria Pérez, a nossa cruzada,
quando veu da terra d'Ultramar,
assi veu de perdom carregada
que se nom podia com el merger;
*mais furtam-lho, cada u vai maer,
e do perdom já nom lhi ficou nada.*

E o perdom é cousa mui preçada
e que se devia muit'a guardar;
*mais ela nom há maeta ferrada
em que o guarde, nen'a pod'haver,
ca, pois o cadead'en foi perder,
sempr'a maeta andou descadeada.*

Faise unha crítica doutra famosa soldadeira: María Pérez, alcumada *A Balteira*.

Aparentemente, cóntase como María Pérez foi á Terra Santa (*a terra d'Ultramar*) e volveu de alí coa maleta (*maeta*) cargada de perdón. Porén, vai perdendo o perdón porque a súa maleta non está pechada, non ten candado, e róubanlle nela pola noite.

A cantiga agocha un dobre sentido. A palabra *maeta* significaba tamén 'órgano sexual feminino'. Así pois, estamos perante unha cantiga de escarnio: non se fai unha crítica directa, senón que se xoga co dobre sentido das palabras.



2. Caracterización

- As **cantigas de escarnio e maldicir** caracterízanse polos seguintes elementos:

- Variedade temática e riqueza léxica.
- Estrutura narrativa máis desenvolvida que nas cantigas de amigo e nas cantigas de amor.
- Sátira como obxectivo principal.
- Abundancia dos elementos obscenos (maldicir) e a ironía e o equívoco (escarnio).



3. Orixe: o sirventés provenzal

- As **cantigas de escarnio e maldicir** teñen a súa orixe nunha antiga **poesía autóctona** de tradición oral, xunto coa influencia posterior do **sirventés provenzal**.
- O **sirventés provenzal** expresaba opinións sobre a vida social e cultural da época desde un punto de vista satírico.



4. Clasificación formal das cantigas de escarnio e maldicir

- As **cantigas de escarnio e maldicir**, segundo a súa forma, poden ser:
 - **Cantigas de refrán**, que empregan unha estrutura paralelística.
 - **Cantigas de mestría**, carentes de retrouso ou refrán.



5. Clasificación temática das cantigas de escarnio e maldicir

- As **cantigas de escarnio e maldicir**, segundo a súa temática, poden tratar diferentes tipos de sátira:

- Sátira sexual:** cantigas que fan referencia aos órganos sexuais, sátiras de soldadeiras, infieis...
- Sátira social:** cantigas que se refiren a vicios, costumes, defectos etc.
- Sátira xograresca:** cantigas de escarnio entre trobadores e xograres, onde se fai referencia, sobre todo, á falta de talento duns e outros.



5. Clasificación temática das cantigas de escarnio e maldicir

- **Sátira política:** cantigas contra determinados feitos históricos, persoas da nobreza, da Administración (alcaldes) etc.
- **Sátira moral:** cantigas morais que tratan sobre a corrupción, a desaparición das virtudes, abusos de poder, a mentira etc.
- **Sátira literaria:** cantigas de burlas e parodias doutros tipos de poesía, como a poesía de amor (amor cortés).



a. Sátira sexual

Afonso Eanes do Coton

*Marinha, en tanto folegares
tenho eu por desaguisado;
e soo mui maravilhado
de ti, por non arrebentares:
ca che tapo eu daquesta minha
boca a ta boca, Marinha;
e com estes narizes meus
tapo eu, Marinha, os teus;
e coas maos as orelhas,
os olhos e as sobancelhas;
tapo-t'ao primeiro sono
da mia pisa o teu cono,
como me non vej'a nenguu,
e dos colhoes esse cuu.
Como non rebentas, Marinha?*

Destacan as cantigas obscenas dedicadas ás **soldadeiras**.

1- **folegar**: respirar



b. Sátira social

- Faise **burla de todas as clases sociais**.
- Unha das clases sociais máis atacadas nas cantigas eran os **infanzóns** (nobres de segunda categoría). Criticábase deles que quixesen aparentar ser ricos cando vivían na ruína.



1.2. Pero da Ponte

*Quen a sesta quiser dormir,
conselhá-lo hei a razón;
tanto que jante, pense d'ir
á cozinha do infanzón:
e tal cocinha lh'achará,
que tan fría cas non ha
na hoste, de quantas i son.*

*Aínda vos én máis direi
eu, que un día í dormí:
tan boa sesta non levei,
des aquel dia'n que nací,
como dormir en tal lugar,
u nunca Deus quis mosca dar
ena máis fría ren que vi.*

*E vedes que ben se guisou
de fría cocinha teer
o infanzón, ca non mandou
des hogan'i fogo acender;
e, se vinho gaar d'alguén,
alí lho esfriarán ben,
se o frío quiser beber.*

b. Sátira social

- Burlas contra **cregos**, **monxas** por manterem relacións sexuais ou pola súa avaricia.



1.1. Fernando Esquío

A um frade dizem escaralhado,
e *faz pecado* quem lho vai dizer,
ca, pois el sabe *arreitar* de foder,
cuid'eu que *gai* é, de *piss'arreitado*;
e pois emprenha estas com que *jaz*
e faze filhos e filhas *assaz*,
ante lhe dig'eu bem encaralhado.

Escaralhado nunca eu diria,
mais que traje caralho arreite,
ao que tantas mulheres de leite
tem, *ca* lhe parirom três em um dia,
e outras muitas prenhas que tem;
e atal frade cuid'eu que mui bem
encaralhado per esto seria.

c. Sátira xograresca

Martim Soares

Foi un día Lopo jogar
a cas dun infançón cantar,
e mandou-lh'ele por don dar
tres couces na garganta;
e fui-lh'escass', a meu cuidar₁,
segundo com'el canta.

Escasso foi o infançón
en seus couces partir entón,
ca₂ non deu a Lopo, entón,
máis de tres na garganta;
e máis merece o jogarón,
segundo com'el canta.

Cantigas de escarnio entre trovadores e xograres, onde se fai referencia, sobre todo, á falta de talento duns e outros.

- 1- **Cuidar**: pensar, xulgar.
2. **Ca**: porque.



d. Sátira política

- Ridiculizábase a covardía dos nobres cristiáns na guerra contra os musulmáns.



d. Sátira política

Afonso X

O que foi passar a serra
e nom quis servir a terra,
é ora, ao entrar a guerra,
que faroneja₁?
Pois el agora tam muit'erra,
maldito seja!

O que levou os diñeiros
e nom troux'os cavaleiros,
é por nom ir nos primeiros
que faroneja?
Pois que vem cos prostumeiros₂
maldito seja!

Criticase a actitude daqueles que non foron combater e se aproveitan das riquezas que outros obtiveron na batalla.

- 1- **faroneja**: busca
2. **prostumeiros**: últimos



e. Sátira moral

Airas Nunez

Porque no mundo mengou a verdade
punhei un dia de a ir buscar,
e u por ela fui a preguntar
disseron todos: “Alhur1 la buscade,
ca de tal guisa se foi a perder
que non podemos én novas aver,
nen ja non anda na irmaidade ”.
Nos moesteiros dos frades negrados
a demandeij, e disseron-m’ assi:
“Non busquesdes vós a verdad’ aqui
ca muitos anos avemos passados
que non morou nosco, per bõa fe,
e d’ al avemos maiores coidados ”.
E en Cistel, u verdade soía
sempre morar, disseron-me que non
morava i avia gran sazon,
nen frade d’ i ja a non conocia;
nen o abade outrossi no estar
sol non queria que foss’ i pousar
e anda ja fora desta badia3.
En Santiago, seend’ albergado
en mia pousada, chegaron romeus4;
preguntei-os e disseron: “Par Deus,
muito levade-lo caminh’ errado,
ca se verdade quiserdes achar
outro caminho conven a buscar,
ca non saben aqui d’ ela mandado”.

Cantigas que tratan sobre a corrupción, a desaparición das antigas virtudes, o abuso dos poderosos etc.

- 1- **alhur**: noutro lugar.
- 2- **gran sazon**: moito tempo.
- 3- **badia**: abadía.
- 4- **romeu**: romeiros, peregrinos.



f. Sátira literaria

Pero Garcia Buralés

Roi Queimado morreu con amor
en seus cantares, par Sancta Maria,
por ũa dona que gran ben queria:
e, por se meter por mais trobador,
porque lhe ela non quis ben fazer,
feze-s'el en seus cantares morrer,
mais resurgiu depois ao tercer dia!

Esto fez el por ũa sa senhor
que quer gran ben, e mais vos en diria:
por que cuida que faz i maestria,
enos cantares que faz, á sabor
de morrer¹ i e des i d'ar viver;
esto faz el que x'o pode fazer,
mais outr'omem per ren' nono faria.

E non á já de sa morte pavor,
senon sa morte mais la temeria,
mais sabe ben, per sa sabedoria,
que viverá, des quando morto for,
e faz-[s'] en seu cantar morte prender,
des i ar vive: vedes que poder
que lhi Deus deu, mais que non cuidaria².

E, se mi Deus a mim desse poder
qual oj'el á, pois morrer, de viver,
já mais morte nunca temeria.

Crítícanse e paródianse os tipos de
poesía, o amor cortés etc.

1- **A sabor de morrer:** con ganas de
morrer

2- **Versos 18-21:** e faise no seu cantar
tomar a morte porque polo contrario
vive: vedes que poder lle deu Deus, pero
que non pensaba.





As cantigas de Santa María

Índice

1. Introducción
2. Caracterización
3. Transmisión
4. Clasificación temática, lingüística e formal das cantigas de Santa María
5. Autoría



1. Introducción

As cantigas de Santa María son composicións relixiosas, feitas para ser cantadas, nas que se louva á Virxe María.




2. Caracterización

- As **cantigas de Santa María** conforman o acervo da lírica relixiosa galego-portuguesa.
- Consérvanse 427 cantigas.
- Foron compostas na corte de Afonso X o Sabio, pero el non foi o autor principal delas, senón que exerceu outros labores como o de director ou supervisor.
- Datan da segunda metade do s. XIII.
- Ademais dos textos destacan delas as miniaturas e a notación musical.



3. Transmisión

- As **cantigas de Santa María** transmitíronse a través de diferentes códices, entre os que destacan:
 - **Códice TO** ou **de Toledo**: 128 cantigas con notación musical.
 - **Códice E**: 417 cantigas. É o máis completo dos catro códices.
 - **Códice T**: 193 cantigas provistas de notación musical e miniaturas.
 - **Códice F**: 104 cantigas. Incompleto.



4. Clasificación temática, lingüística e formal das cantigas de Santa María

- Desde o **punto de vista temático**, as CSM tratan sobre a magnificencia da Virxe María e a indulxencia coa que intercede ante Deus para favorecer os seus devotos.
- Desde o **punto de vista lingüístico**, as CSM posúen unha riqueza léxica moi significativa.
- Desde o **punto de vista formal**, podemos dividir as CSM en dous grupos: **cantigas líricas** (loor) e **cantigas narrativas** (milagres).



4. Clasificación temática, lingüística e formal das cantigas de Santa María

- **Cantigas líricas (loores):** son aquelas nas que o poeta amosa o seu amor pola Virxe coma se fose a *senhor* das cantigas de amor profanas, pero ese amor que sente é espiritual.
- **Cantigas narrativas (milagres):** son aquelas cantigas que teñen unha finalidade didáctica. Nelas, o poeta formúlalle un problema ou pecado á Virxe e ela intercede para solucionarllo.



4.1. Cantigas líricas (loor)

- Expresan devoción pola Virxe e loan as súas virtudes.
- É a translación da cantiga de amor ao divino: a Virxe é a *senhor* e o cabaleiro o seu *entendedor*.
- A Virxe posúe múltiples virtudes: cordura, medida, apostura, verdade, bondade...
- A actitude do eu lírico ante a Virxe é de fe ou súplica, para intentar que esta o protexa.
- A estrutura deste tipo de cantigas é a seguinte:

- **Introdución**
- **Refrán**
- **Loanza**



Introducción

Refrán

Loanza

Refrán

Esta é de loor de Santa María, do *departimento* que á entre Ave e Eva.

*Entre Av'e Eva
gran departiment'á*

Ca Eva nos *tolheu*
o Paraís'e Deus,
Ave nos i meteu;
pro end'amigos meus:

*Entre Av'e Eva
gran departiment'á. [...]*

Sancto se uenit celo.
e uenit meu amigo.
o por que en sospito.
Sancto se uenit celo.
e uenit meu amigo.
por que en sospito.
Sancto se uenit celo.

mar salado. E guateemos las ondas.
la humana fiera de uenit de guate.
la ygreja de uenit e o mar leuado.
E guateemos las ondas.
la ygreja de uenit e o mar leuado.
e uenit y mia madre meu amigo.
E guateemos las ondas.
la ygreja de uenit e o mar leuado.
e uenit y mia madre meu amigo.

Quantos saberes amig
amigo. uenit amig alo mar
de uenit. E bannar nos emag
Y ondas que en um
como saberes

4.2. Cantigas narrativas (milagres)

•Estrutura externa:

- **Epígrafe ou razón:** resume o contido da cantiga.
- **Refrán:** ensinanza moral ou relixiosa.
- **Cobras:** desenvolvemento do milagre relatado.

•Estrutura interna:

- Resumo da cantiga: epígrafe ou razón.
- Presentación do protagonista.
- Formulación do problema.
- Intervención da Virxe.
- Loanza e lección moralizante final.



1. Epígrafe ou razón

2. Refrán: ensinanza moral ou relixiosa

3. Cobras: presentación do protagonista, formulación do problema, intervención da Virxe

4. Cobras: loanza da Virxe

①

Esta é de como o cavaleiro, que perdera seu a^çor, foy-o pedir a Santa Maria de Salas; e estando na eigreja, pousou-lle na mão.

②

*Quen fiar na Madre do Salvador
non perderá ren de quanto seu for.*

Quen fiar en ela de coraçon
averrá-lle com'a un ifançon
aveo eno reino d'Aragon,
que perdeu a caça un seu a^çor,

③

Quen fiar na Madre do Salvador...

Que grand' e mui frems' era, e ren
non achava que non *filhasse* ben
de qual prijon a^çor *fillar conven*,
d' ave pequena *tro* ena mayor [...]

Quen fiar na Madre do Salvador...

④

E el enton muit'a Madre de Deus
loou, e chorando dos ollos seus,
dizend': «Ai, Sennor, tantos son os teus
bees que fazes a quen ás amor!»

Quen fiar na Madre do Salvador...

...e os teus amados.
...e os teus amados.
...e os teus amados.
...e os teus amados.

...e os teus amados.
...e os teus amados.
...e os teus amados.
...e os teus amados.

...e os teus amados.
...e os teus amados.
...e os teus amados.
...e os teus amados.

...e os teus amados.
...e os teus amados.
...e os teus amados.
...e os teus amados.

5. Autoría

Hai 10 cantigas escritas polo rei.

Boa parte das cantigas foron compostas polo clérigo Airas Nunes.

Autoría

Aínda que a miúdo se atribuíu a autoría das *Cantigas de Santa María* ó rei Afonso X o Sabio, hai algúns aspectos que poñen en dúbida a veracidade desta atribución:

- A extensión do cancioneiro fai supoñer que dificilmente puido ser creado por unha soa persoa.
- Diversos testemuños reflicten a colaboración doutras persoas na elaboración do cancioneiro.
- Nalgunhas cantigas, o propio rei afirma que as compuxo el, mentres noutras indica que as mandou crear. Así, nunhas amósase como *autor* e noutras como *director*.





Prosa medieval

Prosa medieval

- A prosa galega tivo menor relevancia cá lírica. Non obstante, posuímos mostras datadas nos séculos XIII, XIV e XV.
- Distinguimos, maioritariamente, dous grandes grupos temáticos dentro da prosa medieval: **prosa de ficción ou narrativa** e **prosa historiográfica**.
- Unha posible clasificación pode ser a seguinte (páxs. 256-257 libro):



Prosa medieval

- Prosa de ficción ou narrativa
 - Ciclo clásico ou troiano
 - *Crónica troiana*
 - *Historia troiana*
 - Ciclo artúrico, bretón ou materia de Bretaña
 - *Demanda do Santo Graal*
 - *Livro de Tristán*
 - *Xosé de Arimatea*



Prosa medieval

- Ciclo carolinixio

- *Mirages de Santiago*

- **Prosa historiográfica**

- *General Estoria*

- *Crónica Geral*

- *Livros de linhagens*



